

Debe dicir:

NVB-5 FU	NVB-5 FU ic a	Vinorelbina e 5 fluorouracilo en infusión continua
	NVB a	Vinorelbina

* Na páxina 10.507, onde di:

PP-VP 16	PP-VP 16 a	Carboplatino e topósido
----------	------------	-------------------------

Debe dicir:

PP-VP 16	PP-VP 16 a	Carboplatino e etopósido
----------	------------	--------------------------

* Na páxina 10.507, onde di:

PP-NVB-XEM	PP-NVB-XEM a	Carboplatino, inorelbina e xemcitabina
	NVB-XEM a	Vinorelbina e xemcitabina

Debe dicir:

PP-NVB-XEM	PP-NVB-XEM a	Carboplatino, vinorelbina e xemcitabina
	NVB-XEM a	Vinorelbina e xemcitabina

* Na páxina 10.510, onde di:

Cadro de tarifas de radioterapia:

Especialidade	Procedemento	Tarifa
Con acelerador lineal	Nivel I	1.100,99
	Nivel II	1.388,62
	Nivel III	2.189,14
	Nivel IV	2.425,89
Con bomba de cobalto	Nivel I	627,00
	Nivel II	814,16
	Nivel III	1.262,25
Braquiterapia		872,92
Radioterapia superficial		394,91
Irradiación de produtos hematolóxicos		10,62

Debe dicir:

Cadro de tarifas de radioterapia:

Con acelerador lineal	Nivel I	1.100,99
	Nivel II	1.388,62
	Nivel III	2.189,14
	Nivel IV	2.425,89
Con bomba de cobalto	Nivel I	627,00
	Nivel II	814,16
	Nivel III	1.262,25
Braquiterapia		872,92
Radioterapia superficial		394,91
Irradiación de produtos hematolóxicos		10,62

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 23 de maio de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial, nova redacción do artigo 9 e outros acordos do convenio colectivo do servizo de limpeza e recolla de residuos do porto da Coruña (Geseco).

Visto o expediente da revisión salarial, nova redacción do artigo 9 e outros acordos do convenio colectivo do servizo de limpeza e recolla de residuos do porto da Coruña (Geseco), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 19-5-2005, e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 2-5-2005, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e no Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo existente nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Medición, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 23 de maio de 2005.

Cristina Azpilcueta González
Delegada provincial da Coruña

Acta da reunión da comisión mixta paritaria do convenio colectivo do servizo de limpeza do porto da Coruña

Na Coruña, sendo as 12.00 horas do día 2 de maio de 2005, reúnenos nos locais da empresa *S.A. de Gestión de Servizos y Conservación*, Geseco, en representación da empresa, Antonio Álvarez Domínguez e en representación dos traballadores, Fco. Javier Cabanas Porto, como membros da comisión mixta paritaria do convenio colectivo de limpeza do porto da Coruña, regulada no artigo 7 do dito convenio.

O obxectivo desta xuntanza é:

1. Acordar a publicación da táboa salarial para o ano 2005.

2. Nova redacción do artigo 9 (vacacións).

Todo o persoal adscrito a este convenio gozará anualmente de 31 días de vacacións retribuídas ou a parte proporcional que lle corresponda en función da data da súa incorporación á empresa.

O período válido para o desfrute das vacacións será o comprendido entre os meses de maio e setembro. O goce das vacacións será rotatorio, da seguinte maneira: xullo, maio, agosto, xuño, setembro (é dicir, o traballador que desfrute un ano o mes de xullo, o ano seguinte desfrutará o de maio, o seguinte o de agosto, o seguinte o de xuño, o seguinte o de setembro e volta a empezar por xullo).

As vacacións retribuiranse cunha mensuralidade, agás o complemento de transporte.

3. As horas extras a partir desta reunión aboaranse a 11,87 € as realizadas en días laborables e a 13,56 € as realizadas en días festivos.

4. O fondo de anticipo do artigo 24 queda establecido en 8.135,28 € e a contía máxima por traballador en 677,94 €.

5. O importe da póliza do seguro de vida do artigo 29 actualízase a 20.338,25 € e a 3.389,71 € a axuda para gastos de enterro.

Facúltase o representante dos traballadores para que proceda a realizar os trámites oportunos ante a delegación provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para o rexistro e posterior publicación desta acta.

E sen máis asuntos que tratar, fécbase a reunión ás 13.30 horas no lugar e día enriba indicado e asinando as dúas partes en proba de acordo e conformidade.

Pola empresa: Antonio Álvarez Domínguez.

Polos traballadores: Fco. Javier Cabanas Porto.

ANEXO

Táboa salarial convenio *Geseco, S.A.* ano 2005 para o centro de traballo do porto da Coruña
Rates segundo conceptos

Categoría	S.b. mensual	S.b. diario	Complemento asistencia	Complemento transporte	Complemento incentivos
Encargado porto da Coruña	925,72 €	0	1,99 €	1,66 €	335,51 €
Encargado	0	28,36 €	1,99 €	1,66 €	335,51 €
Oficial 1ª condutor	0	28,36 €	1,99 €	1,66 €	335,51 €
Oficial 1ª	0	28,36 €	1,99 €	1,66 €	335,51 €
Peón	0	25,52 €	1,99 €	1,66 €	335,51 €
	× meses ano	× días ano	× días ano	× días ano	× meses ano
	12	365	299	274	12

Desagregación anual por conceptos

Categoría	S. base anual	Complemento asistencia anual	Complemento transporte anual	Complemento incentivos anual	Tres pagas extras	Total bruto anual
Encargado porto da Coruña	11.108,64 €	595,01 €	454,84 €	4.026,12 €	2.777,16 €	18.961,77 €
Encargado	10.351,40 €	595,01 €	454,84 €	4.026,12 €	2.552,40 €	17.979,77 €
Oficial 1ª condutor	10.351,40 €	595,01 €	454,84 €	4.026,12 €	2.552,40 €	17.979,77 €
Oficial 1ª	10.351,40 €	595,01 €	454,84 €	4.026,12 €	2.552,40 €	17.979,77 €
Peón	9.314,80 €	595,01 €	454,84 €	4.026,12 €	2.296,80 €	16.687,57 €

-Complemento de condutor: 81,12 € mensuais (para o persoal que efectúe este servizo).

-Complemento de varredora: 25,36 € mensuais (para o persoal que efectúe este servizo).

Resolución do 25 de maio de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo de interpretación do artigo 26 do convenio colectivo do sector de cesionarias de servizos municipais de aparcamento e retirada de vehículos.

Visto o expediente do acordo de interpretación do artigo 26 do convenio colectivo do sector de con-

cesionarias de servizos municipais de aparcamento e retirada de vehículos, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 13-5-2005 e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 11-5-2005, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982,